


Día Internacional dos Museos

18 de maio de 2014



Os vínculos creados polas coleccións dos Museos

DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS 2014

17 e 18 de maio

Dende 1977, según a resolución 5, tomada na XII Asemblea Xeral en Moscú, o ICOM (Consello Internacional de Museos) invita aos museos do mundo enteiro a celebrar o **Día Internacional dos Museos (DIM)**, creado para promover o interese polas actividades destes equipamentos culturais.

O lema para o DIM 2014 é **“Os vínculos creados polas coleccións dos museos”**, que pretende facer unha revisión da relación do museo co público. O museo ten unha responsabilidade como conservador e transmisor do patrimonio cultural do territorio e neste contexto é no que se insire o Día Internacional dos Museos.

Neste ano, o DIM celebrarase o **domingo 18 de maio** e a **Rede de Museos do Concello de Vigo**, un ano máis, súmase a esta iniciativa coa **ampliación dos horarios de apertura e actividades** nos seus centros museísticos e expositivos:

Museo “Quiñones de León” Pazo de Castrelos
Pinacoteca “Francisco Fernández del Riego”
Verbum-Casa das Palabras
Casa das Artes
(sala de exposicións, Fundación Laxeiro e Colección Torras)

HORARIOS DE APERTURA

- Sábado 17, de 11 a 14 h, e de 18 a 01 h (da madrugada).

Iniciativa vinculada á **NOITE EUROPEA DOS MUSEOS**. Dende 2011, o ICOM patrocina a Noite Europea dos Museos, que ten lugar cada ano o sábado máis cercano ao DIM; en 2014, ambos eventos coincidirán, xa que terá lugar na noite do 17 ao 18 de maio. Foi creada en 2005 polo Ministerio francés de Cultura e Comunicación. Permite ao público visitar os museos participantes de noite e gratuitamente, pospoñendo a hora de peche ata a unha da madrugada. Ao acoller ao público pola noite, os museos invitan a unha visita das coleccións diferente, máis sensorial e insólita.

- Domingo 18: de 11 a 14 h e de 18 a 21 h

Máis información:
www.vigocultura.org
www.vigo.org

■ Museo “Quiñones de León” Pazo de Castrelos

Visitas temáticas guiadas á sala de arqueoloxía:

- Sábado 17, ás 19 h, 20 h e 21 h
- Domingo 18, ás 11 h, 12 h e 13 h

■ Pinacoteca “Francisco Fernández del Riego”

“*Artistas e obras*”: encontros do artista co público para explicar a súa obra e o seu contexto:

- Sábado 17, ás 20:30 h: Silverio Rivas explica a obra “*Palisandro*”
- Domingo 18, ás 12:30 h: Manolo Moldes explica a obra “*O avó*”

■ Verbum-Casa das Palabras

* Concerto poético-musical, coa poetisa Leticia Costas, a bailarina Carmen Buendía e o músico Isaac Garabatos

- Sábado 17, ás 21:30 h

* Percorridos pola exposición permanente:

- Sábado 17, ás 23 h: Improvisación a cargo da compañía Triatreros
- Domingo 18, ás 12 h: Sesión de contos ao redor das letras, para público familiar (+ 2 anos) a cargo da compañía Migallas Teatro.

■ Casa das Artes

* Visitas guiadas á exposición “*Arquivo Fotográfico Pacheco. Documento gráfico*”

- Sábado 17, ás 20 h e 23 h
- Domingo 18, ás 12 h

* Fundación Laxeiro (3º andar)

Proxección ininterrompida da obra titulada “*Trasmundo*” do artista vigués Diego Santomé.

Proxección, para o público familiar, das ilustracións que conforman o libro titulado “*As aventuras de Laxeiro*”

■ Casa Galega da Cultura

Visita guiada á Colección “*Francisco Fernández del Riego*”

- Domingo 18, ás 13 h

■ MARCO

Actividades para públicos de todas as idades dende o venres 16, e o domingo 18 ampliación de horario, de 17 a 21 h.

Máis información: www.marcovigo.com

■ MUSEO LISTE-ETNOGRÁFICO DE VIGO

Visitas guiadas, actividades, entrega de premios...

- Sábado 17 e domingo 18, a partir das 11 h

Máis información: www.museoliste.org

■ CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL (CAT)

Exhibición da cestería de vimbio, a cargo de Rubén Berto Covelo

- Domingo 18, ás 18 h

Máis información: www.museoliste.org

Entrada gratuíta en todos os centros os días 17 e 18
Actividades e visitas condicionadas á capacidade de cada espazo